

“Os poetas non son místicos, nin coñecen as musas, nin follan con elas”

Eduardo Estévez hai anos que lle perdeu a música o español. Doce, cun seseo premeditado entre o Bos Aires natal e o xiro terno do galego, o poeta argentino destrona divos poéticos ou stabliments da mística para concretar, como nun discurso mediático, a escrita no público. “Sen o lector, non hai feito literario”, sentencia implicando o seu novo poemario *Lúa Gris* nesa reconstrucción

atrapado pola musicalidade do galego, deu forma a *Lúa Gris*, neses momentos “pouco meditados” nos que se bota a escribir. De feito, cando lle concederan o accesit do Premio de poesía Miguel González Garcés non pensara no poemario galardoado *Só páxaros saíron desa boca* (1998), senón na súa *Lúa* na que, confesa, se detectan pegadas do tango, Cunqueiro ou Borges.

Das referencia e sen premeditacións, subverte o debate interxeneracional no que Estévez resucita as citas de Pepe

que “crear significa Deus e Deus non existe”, anota á marxe este informático que, ó tempo que escribe o seu quinto libro, navega por Internet.

En *Lúa Gris*, editado por Xerais na colección Ablativo Absoluto, fai Estévez “memoria da verdade e da mentira” convertendo a nostalgia en “trampa”. A casa da súa avoa en Palermo (Bos Aires) é a orixe de todo e, anque non queira descubri-lo, aquí imaxina o seu avó ou inventa, con mirada de emigrante galego, un italiano “nun longo exilio de palabras”. Esa Casa, como símbolo, é para outro poeta Sechu Sende—unido a Estévez pola experiencia en Letras de Cal—un dos piares “deste libro eleixiaco, visual, sobre despedidas e dunha melancolía constructiva que mira cara adiante”. Infancia, inmigración, vibracións íntimas e accesibles que Estévez ofrece lles lector e lectora “para que calquera poida construír unha casa”. Xa pasaron catro anos dende que o poeta,

plexo de Edipo”) ou de Forcadela (“Vós o que queredes é enterrar-nos”) logo de que os novos esixiran o ‘seu status’ nas letras. Nega, na contenda, disputas de poder e pásalles a pelota ós poetas dos oitenta que “no seu momento non quixeron debater”. “Non queremos enterrar a ninguén e de feito, o que non se pode negar, é que existen referencias claras deles nos novos escritores”, advirte mentres afirma, rotundo, que “o único que une a literatura dos noventa é a coincidencia temporal”. Para Estévez non hai argumentos estéticos que diferencien os anos 70 dos 90 anque si sonda nas particularidades da xeración dos 80, “cunha liña máis culturalista e outra máis rompedora”, puntualiza.

¿Pero cal é a diferenza entre a poética dos 80 e dos 90? O autor de *Lúa Gris*, coma nun partido, debuxa por unha banda “filólogos e profesores” nos oitenta con proxectos colectivos e por outra, que encrava na actualidade, “tamén



os parados”. Logo, lonxe de xogos, este escritor que titulou unha das súas obras en español—Ya tan deshabitado (Venezuela, 1994)—cun verso de Ramiro Fonte, adiviña na controversia “posturas políticas, máis que estéticas” e remite á actualidade para aclarar dúbidas: “Os que empezamos a escribir agora temos diante outro contexto, determina-

do pola política lingüística, a formulación editorial e outras referencias sociais”.

mAÍS INDIVIDUALISMO

Non titubea Estévez ó enlazar os 90 con posturas “máis individualistas”: “Hoxe non hai colectivos poéticos, que si houbo nos oitenta, por-

que tampouco existen na sociedade” asevera sospeitando do problema que supón en canto reflexo social e, ó que contrapón, “o libre e enriquecedor” das posturas individuais. “Hoxe hai xente que se une para facer cousas” e precisamente aquí sitúa Eduardo Estévez o proxecto de Letras de Cal, “lonxe do que é un colectivo poético que implica discusión

sobre o que se pretende buscar”. “O debate está en cada cousa que se publica” mantén advertindo da perversión de proxectos editoriais que empregan a poesía como “imaxe de empresa”. Práctico, Estévez sabe que as edicións dos novos poetas “hai que movelas” para que non morran nas librerías. Desmitificador, define o poeta como a persoa

que fai poesía, que “nin é místico, nin coñece as musas, nin folla con elas”. “A inspiración non existe” subliña e queda co traballo, coas horas de repastos e reformas do texto, coa intención de querer facer sempre algo mellor ou a conciencia, rescatada de Chus Pato, de “que os demais non somos xenios”. Desfruta con Xela Arias, Lois Pereiro ou

Outeiriño aínda que Ferrín lle resulte “algo complicado”. E é que para el “aínda que as referencias non son necesarias, si son sanas”. “O escritor debe ser consciente da historia da súa lingua” apunta e, aínda que neste sentido se confese limitado, recalca que un poeta galego non se fai só lendo a historia da súa literatura. Estévez escribiu en

galego, antes de falalo. Militante dunha “escrita en lingua minoritaria”, o autor de *Lúa Gris*, tras experiencias desgastadas na política, inclúe no poemario uns versos en recordo dos desaparecidos en Arxentina e dedica a H.I.J.O.S (Hijos por la identidad y la justicia contra el olvido y el silencio). “É o máis parecido a un poema comprometido politicamente”,

confesa sen ocultar a dificultade dun xénero no que non se atreve. Á fin, cre “imprescindible” a poesía aínda que “non cambie o mundo”. *Alguén dixo que os meus poemas non cambian o mundo, eu respondo que si, os meus poemas non cambiarán o mundo.* Versos de Patrizia Cavalli que para Estévez son “un alívio”.

mILAGROS m. n.

